

Obra poética de Manuel María

A produción literaria de Manuel María está conformada por corenta e catro libros de poemas publicados e once inéditos², catorce títulos de narrativa, un corpus dramático de vinte e tres pezas publicadas e outras dezanove inéditas e máis de trinta traballos ensaísticos.

En total, entre os diferentes xéneros, e entre a obra publicada e a inédita, uns cento corenta títulos, sen contar os centos de artigos que viron a luz en diversos xornais e revistas. As reedicións da súa obra, as antoloxías, as traducións ao francés, ao bretón, ao portugués, ao éuscaro, ao español, ao inglés, ao flamengo, ao húngaro, ao catalán, ao alemán e ao ruso; a tese de doutoramento do profesor Camilo Gómez Torres sobre a súa poesía e os numerosos traballos críticos arredor da súa obra completan a amplísima bibliografía relativa a Manuel María.

A fecundidade creativa do noso autor non se manifesta exclusivamente no número de títulos e na variedade de xéneros cultivados, senón tamén na riqueza de expresións poéticas, de recursos expresivos e de elementos temáticos. Non atopamos na literatura galega outro poeta cunha obra tan extensa e tan rica en formas e temas. Manuel María é un poeta total.